

Texto para a exposición **VILAGRAFÍAS** do fotógrafo Anxo Cabada, inaugurada no Verbum de Vigo o sete de xullo de 2011.-

Se algunha vez, decaídos, damos en pensar que Ferrol non é nada máis ca un vello soño perdido, unha andrómene, unha entelequia, axiña a cidade aparece deitada a carón do mar, espida e enteira, orgullosa de si mesma, tan viva e tan real coma o barco que é, á procura de singraduras imposíbeis, agachados nós nas engrenaxes da súa maquinaria.

Non se deixa almacenar inservíbel, a cidade barco, na maleta do esquecemento.

Non se agacha tampouco no baúl da desidia, nin se abandona no caixón da desesperanza.

Albíscase sempre na lonxanía entre esqueletos de edificios arruinados (Seica non podedes oír os seus laios fosilizados?)

Ai da cidade reconvertida e volta a reconverter, unha vez, e outra, e outra máis, tantas que as veces xa nada parecemos lembrar do seu ilustre pasado de estaleiros grandiosos e de insignes mareantes.

Debaixo das lousas máis antigas, nesas rúas perfectamente paralelas e tantas veces camiñadas, sempre se pode sentir o calado correr do seu sangue. (Porque a cidade está viva, tan viva coma cada un dos homes e as mulleres que abren os ollos pola mañá cediño para asistiren ao traballo, tan viva coma cada neno e cada nena que camiña cara á escola con rapidez no paso, tan viva coma cada persoa que afronta o día sen outra perspectiva que ir facer cola nas oficinas de emprego. Ai da cidade tantas veces reconvertida en almacén de parados!)

E cando a luz do sol esmorece e nas beiras todas da ría comezan a acenderse as casas, a cidade barco transfórmase nunha coreografía de formas cambiantes, as luces todas reflectidas no mar, estiradas sen preguiza na auga coma árbores a apertaren a terra coa forza do seu raizame.

Non.

Non é un soño.

Non é andrómene nin entelequia.

Ferrol é a cidade barco.

Xesús Constela, 2011.-